

**1 Proxecto de Orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas
2 artísticas superiores de grao en Música na Comunidade Autónoma de
3 Galicia e se regula o acceso ao dito grao.**

4

5 A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece os principios
6 xerais que deben rexer o sistema educativo, e no seu artigo 54, os aspectos
7 básicos das ensinanzas superiores de Música.

8

9 O desenvolvemento normativo destas ensinanzas iniciouse coa publicación do
10 Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación
11 das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola citada Lei orgánica, e
12 continúa coa publicación do Real decreto 631/2010 de 14 de maio, polo que se
13 regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Música,
14 establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación.

15

16 Deste xeito, o artigo 7 do citado Real decreto 631/2010 de 14 de maio, dispón
17 que as Administracións educativas, vista a proposta dos centros, establecerán
18 o plan de estudos, completando ata o total de 240 créditos os mínimos fixados
19 nese Real decreto, de conformidade cos criterios que nel se determinan.

20

21 Procede, en consecuencia, que a Consellería de Educación e Ordenación
22 Universitaria, vista a proposta dos centros superiores, estableza o plan de
23 estudos destas ensinanzas para o seu ámbito competencial.

24

25 As finalidades, pois, da presente norma son a de definir o plan de estudos
26 con identidade propia e con capacidade de adaptación ás particularidades dos
27 centros que os imparten, con criterios de rigor, calidade e excelencia.
28 Asemade, preténdese potenciar a diversidade de procesos formativos para
29 garantir un alto nivel de cualificación aos graduados e graduadas, e posibilitar
30 que os currículos se poidan adaptar ás expectativas e intereses formativos do
31 alumnado, así como á demanda social e do tecido cultural e empresarial.

32

33 Asemade, a presente orde establece as disposicións referentes á proba de
34 acceso a estas ensinanzas, reguladas con carácter básico no citado Real
35 decreto 631/2010 de 14 de maio.

36

37 En consecuencia co exposto, e en virtude das atribucións conferidas pola
38 normativa anteriormente citada, a Consellería de Educación e Ordenación
39 Universitaria

40

DISPÓN

41

42

Capítulo I

43

Disposicións xerais.

44

45

46 Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

47 1. Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Real decreto 631/2010 de 14 de
48 maio polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas
49 superiores de grao en Música, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de
50 Educación, a presente orde dispón, vista a proposta dos centros
51 superiores de ensinanzas de música, o plan de estudos para estas
52 ensinanzas.

53 2. Esta orde regula igualmente os procedementos para o acceso a estas

1 ensinanzas.
2 3. Esta orde será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade
3 Autónoma de Galicia.
4

5 **Artigo 2.- Finalidade das ensinanzas de grao en Música.**

6 As ensinanzas artísticas conducentes á obtención do título de graduado ou
7 graduada en música deberán proporcionar unha formación práctica, teórica e
8 metodolóxica, a través do desenvolvemento das materias que conforman a
9 especialidade elixida, co fin de garantir a cualificación dos futuros profesionais
10 da música, nos ámbitos relativos á interpretación, creación, e investigación.

11

12

13 **Capítulo II** 14 **Estrutura das ensinanzas.**

15

16 **Artigo 3. -Estrutura básica do Título.**

17 1. A duración das ensinanzas de grao en música en cada unha das súas
18 especialidades, comprenderá catro cursos académicos, de 60 créditos
19 ECTS cada un, cun total de 240 créditos ECTS, de acordo co sistema
20 europeo de transferencia de créditos.

21 2. Aos efectos do establecido no apartado anterior sobre os créditos
22 europeos, terase en conta o previsto no artigo 4 do Real decreto
23 1614/2009, do 26 de outubro polo que se establece a ordenación das
24 ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de
25 3 de maio, de Educación, e no artigo 6 do Real decreto 631/2010 de 14
26 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas
27 superiores de grao en Música, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de
28 Educación.

29

30 **Artigo 4. -Crédito europeo**

31 1. De acordo co establecido no artigo 4 do Real decreto 1614/2009, do 26
32 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas
33 superiores reguladas pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o haber
34 académico que representa o cumprimento dos obxectivos previstos nos
35 plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de
36 ensinanzas superiores de música, medirase en créditos europeos ECTS.

37 2. Nesta unidade de medida intégranse os ensinamentos teóricos e prácticos, así
38 como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas
39 de estudo e de traballo así como mostras públicas e probas que o
40 estudante debe realizar para acadar os obxectivos formativos propios de
41 cada unha das materias do plan de estudos.

42 3. O número de créditos será distribuído entre a totalidade das materias
43 integradas no plan de estudos que deba cursar o estudante.

44 4. A asignación de créditos e a estimación do seu correspondente número
45 de horas, entenderase referida a un estudante dedicado a cursar a
46 tempo completo os estudos correspondentes ás ensinanzas artísticas
47 superiores durante 38 semanas por curso académico.

48 5. O número de horas por crédito ECTS será de 30 en desenvolvemento
49 do establecido polo Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro no seu
50 artigo 4.4.

51 6. A estrutura de créditos referirase a un curso completo en módulos
52 cuadrimestrais de igual duración.

1 **Capítulo III**
2 **O plan de estudos**
3

4 **Artigo 5.-Especialidades.**

5 As especialidades que configuran o grao superior das ensinanzas de música
6 na Comunidade Autónoma de Galicia son as seguintes:

- 7 ○ Composición
- 8 ○ Interpretación
- 9 ○ Musicoloxía
- 10 ○ Pedagogía

11

12 **Artigo 6.-Competencias e perfís profesionais.**

13 De conformidade co establecido no artigo 6.2 do Real decreto 631/2010 de 14
14 de maio polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores
15 de grao en Música, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, as
16 competencias transversais, as competencias xerais, e as competencias
17 específicas e os perfís profesionais definidos para cada unha das especialidades,
18 son as que se determinan no anexo I do citado Real decreto.

19

20 **Artigo 7.-Estrutura.**

21 1. A distribución dos 240 créditos ECTS totais e das materias que os
22 completan será a seguinte:

- 23 a) As materias de formación básica do Título de grao en música son as
24 que figuran no anexo I desta orde e terán os créditos ECTS que nela
25 se establecen.
- 26 b) As materias obrigatorias comúns, as obrigatorias específicas e
27 itinerario do Título de grao en música serán as que figuran no anexo I
28 desta orde e terán os créditos ECTS que nel se establecen.
- 29 c) As materias de libre elección propostas polos centros do Título de
30 grao en música son aquelas que completan a formación específica
31 do alumno ou da alumna, sendo obrigadas para este. As materias
32 optativas son as ofertadas polos centros en número mínimo de tres,
33 sendo opcionais para o alumnado quen deberá cursar polo menos
34 dúas delas. En calquera caso, a definición, contidos, horas lectivas e
35 créditos ECTS correspondentes tanto das materias de libre elección
36 como das optativas serán propostas polos centros e autorizadas, se
37 é o caso, pola Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e
38 Innovación Educativa, atendendo á xustificación e peculiaridades
39 amosadas e a criterios de dispoñibilidade de recursos.
- 40 d) No caso de que se programen prácticas externas estas suporán unha
41 carga máxima de 60 créditos ECTS, e o seu desenvolvemento será
42 obxecto de regulación específica.
- 43 e) O traballo de fin de grao terá os créditos ECTS que figuran no cadro
44 de cada especialidade que figura no anexo I desta orde.

45

46

47 **Capítulo IV**
48 **Matrícula, Avaliación e Promoción**

49

49 **Artigo 8. - Matrícula**

50 1. O alumnado só poderá realizar a matrícula no grao en música para
51 realizar estudos oficiais con carácter presencial.

52 2. A matrícula para o primeiro ano académico será do curso completo.

1

3

- 1 3. Para o segundo, terceiro e o cuarto cursos, os alumnos e alumnas
2 poderán formalizar a matrícula por materias, pero deberán matricularse
3 obrigatoriamente nas materias de formación básica que suporán cando
4 menos un total de 30 créditos ECTS, sen prexuízo do cumprimento dos
5 criterios de promoción que oportunamente se establezan.
- 6 4. O alumnado non poderá matricularse dunha materia progresiva dun
7 curso, no caso de ter pendentes materias coa mesma denominación ou
8 de carácter progresivo, de cursos anteriores.

10 **Artigo 9. - Renuncia de matrícula**

11 O alumnado poderá solicitar a renuncia de matrícula perante á dirección e
12 presentada no rexistro da Secretaría do centro. O prazo para a renuncia
13 será o do último día hábil do mes de setembro. A renuncia de matrícula
14 suporá a perda da condición de alumno oficial e non implicará a devolución
15 de taxas.

17 **Artigo 10. - Validación de materias**

- 18 1. O prazo de solicitude de validacións de materias será de quince días
19 hábiles contados a partir do primeiro día de clase, segundo o establecido
20 no calendario Escolar fixado pola Consellería competente en materia de
21 Educación. Para a solicitude de validacións o alumnado deberá cubrir un
22 impreso oficial establecido nas Normas de Funcionamento do centro e
23 achegar a documentación que corresponda.
- 24 2. As validacións de materias só se poden dar entre estudos do mesmo
25 nivel: superior e/ou universitario.
- 26 3. Para as validacións de estudos cursados terase en conta o disposto no
27 artigo 10 do Real decreto 631/2010 de 14 de maio, polo que se regula o
28 contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Música,
29 establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación ademais das
30 seguintes especificacións:
 - 31 a) O alumnado que iniciou os seus estudos superiores noutra
32 comunidade autónoma e se trasladan á comunidade autónoma de
33 Galicia, deberá cursar as materias correspondentes aos cursos xa
34 superados por eles que non se adapten ao currículo desta
35 comunidade autónoma. Non obstante, o alumnado poderá
36 solicitar a validación de materias que teñan superadas no centro
37 de orixe, por aquelas do currículo desta comunidade autónoma,
38 que teñan relación directa no seu deseño curricular.
 - 39 b) Para validar as materias cursadas noutras comunidades
40 autónomas, o alumno achegará as programacións das materias
41 superadas para que o centro poida establecer cales das materias
42 que figuran no currículo de Galicia lle poden ser validadas. Será
43 competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación
44 Profesional e Innovación Educativa, previo informe da dirección
45 do centro, establecer as correspondentes validacións. Para a
46 elaboración do devandito informe, a dirección solicitará, de ser o
47 caso, asesoramento dos diferentes departamentos relacionados
48 coas materias de que se trate.
 - 49 c) As ditas validacións deberán ser rexistradas no expediente do
50 alumno. Neste suposto, xuntarase ao dito expediente toda a
51 documentación relativa á devandita validación.
 - 52 d) As materias cursadas no centro de orixe que non sexan

1 validables por ningunha das materias que figuran no currículo da
2 comunidade autónoma de Galicia, poderán ser obxecto de
3 recoñecemento como créditos de materias de libre elección ou
4 optativas, debéndose, para este suposto, aplicar o mesmo
5 procedemento de adaptación das materias antes citado.
6

7**Artigo 11. -Convocatorias ordinarias e extraordinarias.**

- 8 1. En cada curso escolar establécense dúas convocatorias para a
9 valoración e avaliación do rendemento do alumnado nas materias
10 anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.
- 11 2. No caso de materias cuadrimestrais, as convocatorias para o primeiro
12 cuadrimestre realizarase nos dez días seguintes ao remate das
13 actividades lectivas presenciais correspondentes ao primeiro
14 cuadrimestre, e igualmente no caso das materias do segundo
15 cuadrimestre.
- 16 3. As convocatorias ás que se refire este artigo computaranse de forma
17 sucesiva, entendéndose esgotadas no caso de que o alumno ou a
18 alumna non se presente ás probas, estando matriculado. O alumnado
19 poderá solicitar anulación motivada de convocatoria que será resolta
20 pola dirección do centro.
- 21 4. Cando se produza un traslado de expediente entre centros, o alumnado
22 só disporá das convocatorias non consumidas no centro de procedencia.
23

24**Artigo 12. - Anulación de convocatoria**

- 25 1. O alumnado poderá solicitar a anulación de convocatoria, mediante
26 solicitude dirixida á dirección do centro que poderá presentar ate o
27 último día hábil do mes de xaneiro para a convocatoria ordinaria do
28 primeiro cuadrimestre, e ata o último día hábil do no mes de maio
29 para a convocatoria ordinaria do segundo cuadrimestre.
- 30 2. Para a convocatoria extraordinaria, a anulación de convocatoria
31 poderá realizarse ata unha semana antes da data de realización da
32 proba.
- 33 3. Correspóndelle ao director/a do centro conceder a anulación de
34 convocatoria, previo informe da xefatura de estudos, que, en todo
35 caso, deberá ter unha causa suficiente que a xustifique, non sendo
36 admisible como causa de anulación a falla de rendemento
37 académico.
38

39**Artigo 13. - Avaliación e Sistema de cualificacións.**

- 40 1. A avaliación do proceso de aprendizaxe basearase no grao e nivel de
41 adquisición e consolidación das competencias establecidas de acordo co
42 perfil profesional definido para cada unha das especialidades recollidas
43 nesta orde.
- 44 2. A avaliación será continuada, diferenciada por materias e terá un
45 carácter integrador en relación cos obxectivos definidos no plan de
46 estudos. A avaliación do Traballo fin de grao será única e requirirá ter
47 aprobadas a totalidade das materias que integran o plan de estudos.
- 48 3. Os criterios de avaliación especificaranse nas programacións didácticas
49 e serán obxectivables e mensurables de acordo cos parámetros que se
50 definan para tal fin.
- 51 4. A obtención dos créditos correspondentes a unha materia requirirá
52 superar as correspondentes probas de avaliación ou exames.

- 1 5. A media do expediente académico de cada alumno será o resultado da
2 aplicación da seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo alumno
3 multiplicado cada un deles polo valor das cualificacións que
4 correspondan á materia, e dividida a cifra resultante polo número de
5 créditos totais superados polo alumno.
- 6 6. O nivel de aprendizaxe conseguido polos estudantes expresarase con
7 cualificacións numéricas. Os resultados obtidos polo alumno en cada
8 unha das materias do plan de estudos cualificaranse en escala numérica
9 de 0 a 10, con expresión dun decimal, podendo engadirse a súa
10 correspondente cualificación cualitativa:
- 11 ○ 0-4.9: Suspenso (SS)
 - 12 ○ 5.0-6.9: Aprobado (AP)
 - 13 ○ 7.0-8.9: Notable (NT)
 - 14 ○ 9.0-10: Sobresaínte (SB)
- 15 7. A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a alumnos ou
16 alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9.0. O seu
17 número non poderá exceder de unha por cada 20 alumnos/as
18 matriculados nunha materia no correspondente curso académico, non
19 sendo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, en
20 cuxo caso poderase conceder unha soa “Matrícula de Honra”.
- 21 8. A obtención do título de Graduado ou Graduada en música requirirá a
22 superación da totalidade das materias, as prácticas e o Tráballo fin de
23 grao que constitúen o plan de estudos.

24 **Artigo 14. - Reclamacións en contra das cualificacións**

26 Os alumnos e as alumnas desconformes coas cualificacións outorgadas
27 poderán presentar a correspondente reclamación perante á dirección do
28 centro, segundo modelo que se estableza nas normas de
29 funcionamento, a través da secretaría, nun prazo de dous días hábiles
30 contados a partir do día de comunicación pública das cualificacións. A
31 dirección remitirá a reclamación á xefatura do departamento, que no
32 prazo de dous días hábiles logo de recibila, emitirá un informe razoado
33 ratificando ou rectificando a cualificación. Este informe será remitido á
34 dirección que resolverá no prazo de dous días hábiles logo da
35 recepción, de acordo co proposto no dito informe, e comunicará ao
36 alumno ou alumna e á Xefatura de estudos para o seu coñecemento e
37 aos efectos de rectificación, se procede, da correspondente acta de
38 cualificación.

39 **Artigo 15. - Promoción e permanencia.**

- 41 1. Os alumnos disporán dun máximo de catro convocatorias para superar
42 cada materia e dun máximo de dúas convocatorias para superar o
43 traballo fin de grao.
- 44 2. Os/as alumnos/as que teñan esgotadas as convocatorias establecidas,
45 poderán solicitar perante a dirección do centro, no prazo de quince días
46 contados a partir da comunicación da cualificación que dá lugar ao
47 esgotamento da convocatoria, unha convocatoria adicional para cada
48 materia por circunstancias especiais que deberán xustificar, sen que se
49 poida considerar como xustificación a falta de rendemento académico ou
50 a non asistencia a clase. As solicitudes que se presenten serán
51 informadas pola xefatura do departamento correspondente, facendo
52 constar cantas circunstancias se considerasen relevantes e cantos

- 1 informes complementarios se estimen oportunos. Unha vez elaborado o
2 informe, que será preceptivo e vinculante, trasladarase á dirección que
3 resolverá nun prazo máximo de quince días, contados dende a data de
4 presentación da solicitude do alumno.
- 5 3. A concesión dunha convocatoria extraordinaria adicional só ten validez
6 para a presentación e a realización do exame e non implica o dereito de
7 asistencia a clase.
- 8 4. A permanencia do alumno no centro non poderá exceder de seis cursos
9 académicos por especialidade.

10
11
12
13

Capítulo V

Acceso as ensinanzas de grao en música

Artigo 16. - Requisitos xerais de acceso as ensinanzas de grao en Música

- 15 1. Con carácter xeral, para o acceso aos estudos oficiais de grao en
16 Música requirirase estar en posesión do título de Bacharelato ou título
17 declarado equivalente, ou ter superada a proba de acceso á
18 Universidade para maiores de 25 anos, e superar a proba específica de
19 acceso á que se refire o artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio,
20 de Educación, que terá como finalidade valorar a madureza, os
21 coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas
22 ensinanzas.
- 23 2. A superación da proba específica á que fai referencia o punto
24 anterior faculta para matricularse unicamente no curso académico para
25 cuxo acceso fose convocada, en calquera dos centros do Estado onde
26 se cursen ditas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazos
27 no centro.

28

Artigo 17. - Acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de 30dezanove anos.

- 31 1. Os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharelato ou
32 equivalente, e teñan dezanove anos cumpridos no ano de realización das
33 probas, deberán superar a proba establecida no artigo 69.5 da Lei
34 orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, debendo acreditar o
35 aspirante os seus coñecementos e a madureza en relación cos
36 obxectivos propios do bacharelato.
- 37 2. A proba á que fai referencia o punto anterior levarase a cabo, en cada
38 convocatoria, coa antelación suficiente á respecto da data de realización
39 da proba específica, para que os aspirantes que superen a primeira
40 poidan realizar a segunda.

41

Artigo 18. – Acceso para o alumnado que estea en posesión do Título 43Profesional de Música.

- 44 1. Os/as aspirantes que accedan aos estudos superiores de grao en
45 música deberán estar na posesión do Título Profesional de Música.
- 46 2. O expediente académico do grao profesional de música do alumnado
47 que accede as ensinanzas de grao en música, en posesión do Título
48 Profesional de Música ou equivalente, suporá un 40% da cualificación
49 final da proba de acceso. A tales efectos, e en termos de cómputo,
50 farase unha media ponderada da cualificación media obtida nos estudos
51 do grao profesional.
- 52 3. No relativo ao cálculo da nota media do alumnado das ensinanzas

1 profesionais de música será tido en conta o establecido polo Real
2 decreto 1953/2009, do 18 de decembro, polo que se modifican o Real
3 decreto 1577/2006, do 22 de decembro, o Real decreto 85/2007, do 26
4 de xaneiro, e o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro.

5
6**Artigo 19. – Acceso para o alumnado que non estea en posesión do Título**
7**Profesional de Música.**

- 8 1. Os/as aspirantes que accedan aos estudos superiores de grao en
9 música en que non estean en posesión do Título Profesional de Música
10 deberán realizar unha proba extraordinaria de acceso.
11 2. Ao alumnado ao que fai referencia o punto anterior seralle aplicada
12 igualmente a citada ponderación do 40%, que se aplicará sobre a
13 cualificación de 5, unha vez acadado o apto na Proba de Acceso
14 Extraordinaria que avalíe as competencias musicais do candidato.

15
16**Artigo 20. - Convocatoria das probas de acceso**

17De acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 631/2010 de 14 de maio, polo
18que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en
19Música, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, as probas de
20acceso convocaranse conforme ao procedemento que segue:

- 21 1. Será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación
22 Profesional e Innovación Educativa a convocatoria, organización,
23 desenvolvemento e avaliación das probas de acceso as ensinanzas de
24 grao en Música na Comunidade Autónoma de Galicia.
25 2. As probas de acceso as ensinanzas de grao en Música
26 celebraranse, cando menos, unha vez ao ano.
27 3. Ao efecto de garantir a eficacia dos principios de igualdade, mérito
28 e capacidade que deben rexer o proceso de selección no acceso ás
29 ensinanzas de grao en música, as probas terán carácter centralizado e
30 serán supervisadas por unha comisión nomeada ao efecto pola Dirección
31 Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. As
32 normas de funcionamento desta comisión serán obxecto de regulación
33 específica por parte da dita Dirección Xeral.
34 4. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
35 Innovación Educativa establecerá sistemas de información e
36 procedementos de acollida para o alumnado de novo ingreso, que
37 implicarán a todos os centros. Estes sistemas e procedementos deberán
38 incluír, no caso de aspirantes ao ingreso con necesidades específicas
39 derivadas de discapacidade, os servizos de apoio e asesoramento
40 axeitado que valorarán a posibilidade de adaptacións curriculares.

41
42 **Capítulo VI**

43 **Desenvolvemento das probas de acceso**

44
45**Artigo 21. - Admisión nas probas de acceso**

- 46 1. No prazo máximo de cinco días hábiles despois de rematado o prazo de
47 inscrición, a Comisión de Probas de Acceso fará públicas do xeito que
48 se determine na convocatoria, as listaxes de aspirantes admitidos, que
49 serán únicas para cada especialidade convocada.
50 2. Os/as interesados terán un prazo de dous días hábiles, para presentar
51 as reclamacións, cumprimentando e entregando na Secretaría do centro
52 no que se inscribisen, o impreso oficial dispoñible na mesma.

1 3. Recibidas as reclamacións, a Comisión de Probas de Acceso resolverá
2 o que proceda, e dará a coñecer as listaxes definitivas de admitidos e o
3 calendario de celebración das probas, con unha antelación mínima de
4 cinco días hábiles anteriores ao inicio das mesmas.

5
6 **Artigo 22. - Proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para**
7 **maiores de dezanove anos.**

8 1. A proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de
9 dezanove anos que deberán superar os aspirantes que non estean en
10 posesión da titulación requirida, será única para todas as especialidades
11 dos estudos de grao en Música, e será válida para a realización da proba
12 específica de acceso a todas as ensinanzas artísticas superiores na
13 Comunidade Autónoma de Galicia.

14 2. A citada proba versará sobre as materias comúns do bacharelato.

15 3. A superación da devandita proba será condición indispensable para
16 concorrer á proba específica de acceso aos estudos de grao en Música.

17
18 **Artigo 23. - Proba de acceso específica**

19 1. O alumnado que acceda a calquera das especialidades das ensinanzas
20 de grao en Música da Comunidade Autónoma de Galicia deberá de
21 superar unha proba de acceso específica, segundo establece o artigo 5
22 do Real decreto 631/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido
23 básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Música.

24 2. O Sistema de acceso constará dunha única proba que comprenderá as
25 partes que, para cada especialidade, se determinan nos apartados
26 seguintes:

27
28 Especialidade de Composición:

29 a) Realización dun traballo harmónico-contrapuntístico.

30 b) Presentación e defensa oral de obras e traballos realizados polo/a can-
31 didato/a.

32 c) Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata
33 quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación
34 presentada previamente polo/a candidato/a.

35 Especialidade de Interpretación:

36 a) Interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras
37 e/ou estudos dunha dificultade axeitadas ao nivel de acceso a estes
38 estudos.

39 b) Análise dunha obra ou fragmento a proposta do tribunal.

40 c) Lectura a vista.

41 Especialidade de Musicoloxía:

42 a) Análise histórico-estilístico, e defensa dunha obra ou fragmento a
43 proposta do tribunal.

44 b) Realización dun comentario de texto ou traballo escrito a proposta do
45 tribunal.

46 c) Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata
47 quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación
48 presentada previamente polo/a candidato/a.

49 Especialidade de Pedagogía:

50 a) Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto),
51 ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación
52 presentada previamente polo/a candidato/a.

- 1 b) Proba vocal individual.
2 c) Composición dunha peza breve, de carácter didáctico, sobre unha
3 melodía ou un texto proposto polo tribunal. O/a aspirante deberá de
4 realizar unha defensa didáctica da súa aplicación.
5

6Artigo 24. - Proba de acceso extraordinaria.

- 7 1. A proba de acceso extraordinaria para o alumnado que non estea en
8 posesión do título profesional de música terá carácter eliminatorio, e
9 realizárase con antelación á proba específica.
10 2. Se o aspirante non ten aprobados os estudos correspondentes ao grao
11 profesional das ensinanzas de música, deberá realizar un exercicio de
12 carácter teórico-práctico que permita avaliar e acreditar a súa
13 cualificación para cursar con aproveitamento os estudos aos que
14 pretende acceder. Para a elaboración desta proba teranse en conta os
15 contidos correspondentes ás materias que constitúen o currículo das
16 ensinanzas profesionais de Música, establecido polo Real decreto
17 1577/2006, do 22 de decembro.
18

**19Artigo 25. - Avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas
20superiores para maiores de dezanove anos.**

21 O resultado da avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas
22 superiores para maiores de dezanove anos expresarase en termos de
23 APTO ou NON APTO.
24

25Artigo 26. - Avaliación da proba de acceso específica.

26 1. A proba de acceso específica suporá o 60% do total da cualificación
27 da proba de acceso aos estudos de grao en música, o 40% restante
28 corresponderalle a media do expediente académico do título profesional
29 de música do/a aspirante.

30 2. A proba de acceso específica cualificarase entre cero e dez puntos,
31 sendo necesario para a súa superación ter obtido unha cualificación igual
32 ou superior a cinco puntos en cada unha das partes da mesma coa
33 seguinte ponderación:

34 Especialidade de composición:

35 Media ponderada para a cualificación da proba

36 $0.35 \times (a) + 0.15 \times (b) + 0.10 \times (c)$

37 Especialidade de interpretación:

38 Media ponderada para a cualificación da proba

39 $0.40 \times (a) + 0.15 \times (b) + 0.05 \times (c)$

40 Especialidade de musicoloxía:

41 Media ponderada para a cualificación da proba

42 $0.30 \times (a) + 0.20 \times (b) + 0.10 \times (c)$

43 Especialidade de pedagogía:

44 Media ponderada para a cualificación da proba

45 $0,20 (a) + 0.20 \times (b) + 0.20 \times (c)$

46 3. No caso da proba de acceso extraordinaria de non estar en
47 posesión do título de do título Profesional de Música, cualificarase con
48 APTO ou NON APTO, valorándose globalmente as diferentes partes que
49 a configuren. A efectos de ponderación, a cualificación de APTO será
50 considerada numericamente como cinco.
51
52

1Artigo 27. – Comisi3ns avaliadoras das probas de acceso aos estudos de 2gra oen M3sica

3 1. A Direcci3n Xeral de Educaci3n, Formaci3n Profesional e Innovaci3n
4 Educativa nomear3 unha Comisi3n Avaliadora para a organizaci3n,
5 realizaci3n e avaliaci3n da proba de acceso 3s ensinanzas art3sticas
6 superiores para maiores de dezanove anos aos estudos de grao en
7 M3sica, integrada por profesorado de ensino secundario especialistas nas
8 materias com3ns do bacharelato, e de entre os integrantes da dita
9 Comisi3n Avaliadora, en n3mero impar en calquera caso, ao Presidente e
10 Secretario desta.

11 2. A Direcci3n Xeral de Educaci3n, Formaci3n Profesional e Innovaci3n
12 Educativa nomear3 unha Comisi3n Avaliadora encargada da organizaci3n,
13 realizaci3n e avaliaci3n das probas espec3ficas de acceso aos estudos de
14 grao en M3sica, integrada, cando menos, por cinco membros, en n3mero
15 impar en calquera caso, dos corpos de catedr3ticos de m3sica e artes
16 esc3nicas ou profesores de m3sica e artes esc3nicas con destino nos
17 conservatorios superiores de m3sica de Galicia, e de entre os membros da
18 dita Comisi3n Avaliadora, en n3mero impar en calquera caso, ao
19 Presidente e Secretario desta.

20

21Disposici3ns adicionais

22

23Primeira – Correspondencia na denominaci3ns das materias.

24Aos efectos do establecido na presente orde, os termos “materia” e
25“asignatura” aos que fai referencia o Real decreto 631/2010 de 14 de maio, polo
26que se regula o contido b3sico das ensinanzas art3sticas superiores de grao en
27M3sica, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educaci3n, corresp3ndense,
28respectivamente, cos termos “3rea de co3ecemento” e “materia”.

29

30Segunda - Sistema de Xesti3n Calidade.

31 1. A Direcci3n Xeral de Educaci3n, Formaci3n Profesional e Innovaci3n
32 educativa, no 3mbito das s3as competencias, establecer3 cantas
33 normas considere oportunas para o desenvolvemento dos sistemas de
34 garant3a interna da calidade dos centros de ensinanzas art3sticas
35 superiores.

36 2. Os centros superiores de ensinanzas de m3sica deber3n establecer
37 protocolos e li3as de actuaci3n segundo os par3metros establecidos
38 pola Asociaci3n Europea para a Garant3a da Calidade da Educaci3n
39 Superior e polas instituci3ns nacionais e auton3micas que se determinen
40 por parte da Direcci3n Xeral de Educaci3n, Formaci3n Profesional e
41 Innovaci3n educativa.

42 3. Cada centro superior de m3sica establecer3 un Sistema de Garant3a
43 Interna da Calidade coa finalidade de potenciar a mellora das s3as
44 actividades docentes, investigadoras e de xesti3n.

45 4. O Sistema de Garant3a interna de Calidade seguir3 as normativas
46 establecidas polas administraci3ns educativas en relaci3n cos procesos
47 de xesti3n, verificaci3n, acreditaci3n e auditor3as de calidade.

48

49Terceira – Implantaci3n das ensinanzas de grao en m3sica

50Segundo o disposto no Real decreto 631/2010 de 14 de maio, polo que se regula
51o contido b3sico das ensinanzas art3sticas superiores de grao en M3sica,
52establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educaci3n, na s3a disposici3n

1adicional cuarta, no ano académico 2010-2011 iníciarase a implantación
2progresiva dos estudos de grao en Música na Comunidade Autónoma de
3Galicia.

4

5**Disposicións transitorias**

6**Primeira** – De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real
7decreto 631/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das
8ensinanzas artísticas superiores de grao en Música, establecidas na Lei 2/2006,
9de 3 de maio de Educación, a Dirección Xeral de Educación, Formación
10Profesional e Innovación Educativa establecerá o sistema de recoñecemento
11de créditos ao alumnado procedente de plans de estudos anteriores a entrada
12en vigor desta orde.

13

14**Segunda** – Para a realización das probas de acceso ao curso 2010-2011 non
15será de aplicación o establecido na presente orde. A Dirección Xeral de
16Educación, Formación Profesional e Innovación educativa comunicará aos
17centros as especialidades e o número de vacantes que en cada caso se
18determinen.

19

20**Disposicións derradeiras**

21

